

Resolución reitoral do 18 de xaneiro de 2019, polo que se modifica a do 3 de decembro de 2018, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018

Facendo uso das atribucións dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), e a vista da Resolución do 17 de xaneiro de 2019 da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, resolvo modificar a Resolución do 3 de decembro de 2018, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018, no seguinte senso:

O prazo de presentación de solicitudes, por razóns técnicas, amplíase ate o 22 de xaneiro de 2019.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación; neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mencionado no parágrafo anterior ata que non exista un resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor
PD (RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
gcIAMHsXWvH/H2Ljp3KHSQ==	Asinado	18/01/2019 12:09:00
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	
Observacións	Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gcIAMHsXWvH/H2Ljp3KHSQ==	

